



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en marzo de 2023

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2023 acadou a cifra de 1.043.530 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de febreiro de 2023 de 7.707 afiliacións (0,74%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.376.552, rexistrando un aumento do 1,02% con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2023 con marzo de 2022) obsérvase un aumento de 15.073 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,47%) e un aumento do 2,73% (542.049 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas; sendo Illes Balears, Andalucía, Cantabria e Asturias as que presentan subidas relativas superiores á media nacional, destacando Illes Balears cunha taxa intermensual do 6,44%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias, Madrid e Cataluña con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2023 | VARIACIONES | | | |
|----------------------|--------------------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| España | 20.376.552 | 206.410 | 1,02 | 542.049 | 2,73 |
| Galicia | 1.043.530 | 7.707 | 0,74 | 15.073 | 1,47 |
| Andalucía | 3.334.005 | 44.657 | 1,36 | 87.563 | 2,70 |
| Aragón | 594.918 | 4.305 | 0,73 | 9.756 | 1,67 |
| Asturias | 372.565 | 3.900 | 1,06 | 3.785 | 1,03 |
| Illes Balears | 493.459 | 29.853 | 6,44 | 26.139 | 5,59 |
| Canarias | 872.701 | 4.997 | 0,58 | 38.878 | 4,66 |
| Cantabria | 223.973 | 2.694 | 1,22 | 3.117 | 1,41 |
| Castilla La Mancha | 750.783 | 5.688 | 0,76 | 9.385 | 1,27 |
| Castilla y León | 940.061 | 7.007 | 0,75 | 13.866 | 1,50 |
| Cataluña | 3.637.104 | 33.358 | 0,93 | 107.421 | 3,04 |
| Comunitat Valenciana | 2.068.538 | 19.224 | 0,94 | 56.066 | 2,79 |
| Extremadura | 402.549 | 2.986 | 0,75 | 4.249 | 1,07 |
| Madrid | 3.532.391 | 23.660 | 0,67 | 135.793 | 4,00 |
| Murcia | 632.267 | 6.255 | 1,00 | 8.827 | 1,42 |
| Navarra | 300.937 | 2.229 | 0,75 | 5.310 | 1,80 |
| País Vasco | 994.655 | 6.506 | 0,66 | 13.847 | 1,41 |
| La Rioja | 134.083 | 614 | 0,46 | 1.762 | 1,33 |
| Ceuta e Melilla | 48.033 | 772 | 1,63 | 1.213 | 2,59 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,80%, o que supón 8.012 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,58%), Ourense (0,78%) e Lugo (0,47%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,74%. A Coruña presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 0,93%, seguida de Lugo (0,75%), Pontevedra (0,66%) e Ourense (0,23%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2023 | VARIACIONES | | | |
|----------------|-----------------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 452.215 | 4.153 | 0,93 | 8.012 | 1,80 |
| LUGO | 122.667 | 915 | 0,75 | 578 | 0,47 |
| OURENSE | 103.744 | 233 | 0,23 | 803 | 0,78 |
| PONTEVEDRA | 364.903 | 2.406 | 0,66 | 5.681 | 1,58 |
| GALICIA | 1.043.530 | 7.707 | 0,74 | 15.073 | 1,47 |
| ESPAÑA | 20.376.552 | 206.410 | 1,02 | 542.049 | 2,73 |


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,43% das afiliacións galegas en marzo de 2023, aumentou un 0,85% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,21%. En España estas taxas foron do 1,15% con respecto a febreiro de 2023 e do 3,30% en relación ao mes de marzo de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,82%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Ourense (-2,31%), Lugo (-2,00%), A Coruña (-1,08%) e Pontevedra (-0,49%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,17%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2023, suben Pontevedra (0,31%), Lugo (0,22%) e A Coruña (0,19%) e baixa Ourense (-0,01%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,21%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual do 0,04% e unha subida intermensual do 0,34%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2022, suben Lugo (1,24%) e Pontevedra (0,68%) e baixa A Coruña (-4,48%) A taxa galega acaba entón o -0,77%, inferior á de España (1,86%). Con respecto a febreiro de 2023, A Coruña presenta un aumento do 3,87%, seguida de Lugo cun aumento do 3,56% e Pontevedra cun aumento do 1,14%. A taxa galega amosa un incremento do 2,07% con respecto a febreiro de 2023. A taxa nacional é do 3,64%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2023 | VARIACIÓN RELATIVAS | |
|------------------------------|--------------------------------|---------------------|------------|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| TOTAL SISTEMA | | | |
| A CORUÑA | 452.215 | 0,93 | 1,80 |
| LUGO | 122.667 | 0,75 | 0,47 |
| OURENSE | 103.744 | 0,23 | 0,78 |
| PONTEVEDRA | 364.903 | 0,66 | 1,58 |
| GALICIA | 1.043.530 | 0,74 | 1,47 |
| ESPAÑA | 20.376.552 | 1,02 | 2,73 |
| R. XERAL | | | |
| A CORUÑA | 362.989 | 1,06 | 2,60 |
| LUGO | 89.330 | 0,90 | 1,38 |
| OURENSE | 81.125 | 0,29 | 1,68 |
| PONTEVEDRA | 284.969 | 0,73 | 2,12 |
| GALICIA | 818.412 | 0,85 | 2,21 |
| ESPAÑA | 16.991.837 | 1,15 | 3,30 |
| R. ESPECIAL AUTÓNOMOS | | | |
| A CORUÑA | 83.762 | 0,19 | -1,08 |
| LUGO | 31.873 | 0,22 | -2,00 |
| OURENSE | 22.620 | -0,01 | -2,31 |
| PONTEVEDRA | 67.238 | 0,31 | -0,49 |
| GALICIA | 205.491 | 0,21 | -1,17 |
| ESPAÑA | 3.322.236 | 0,34 | -0,04 |
| R. ESPECIAL DO MAR | | | |
| A CORUÑA | 5.464 | 3,87 | -4,48 |
| LUGO | 1.465 | 3,56 | 1,24 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 12.697 | 1,14 | 0,68 |
| GALICIA | 19.627 | 2,07 | -0,77 |
| ESPAÑA | 61.522 | 3,64 | 1,86 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>